

# CIRCULAR DE INICIO DE CURSO 2019-20



Benvidos-as todos-as, a un novo curso escolar, especialmente para os que neste curso se incorporan a nosa **Comunidade Educativa do CEIP “JUAN FERNANDEZ LATORRE “**.

De seguido informámosvos dalgúns datos e asuntos de interese para ter en conta durante o curso 2019–2020:

- ✓ As clases comezan **o 11 de setembro de 2019 e rematan o 19 de xuño de 2020**. A xornada lectiva será continua, cun horario **de 9:00 a 14:00 h.**
- ✓ O alumnado de EDUC. INFANTIL de **tres anos** seguirá o horario establecido para o **Período de Adaptación ata o 24 de setembro**.
- ✓ Os períodos vacacionais serán :

**NADAL:** Do 23 de decembro ao 7 de xaneiro de 2020 (ámbolos dous inclusive).

**ENTROIDO:** 24, 25 e 26 de febreiro de 2020.

**SEMANA SANTA:** Do 6 de abril ao 13 de abril (ámbolos dous inclusive)

**DÍAS NON LECTIVOS:** 31 de outubro (Día do Ensino) e previsiblemente o 20 de marzo e o 4 de maio de 2020.

- ✓ A entrega do Boletín Informativo sobre o rendemento escolar do alumnado, terá lugar o 20 de decembro (1ª avaliación), o 27 de marzo (2ª avaliación) e o 19 de xuño (3ª avaliación).
- ✓ **A convocatoria das primeiras reunións de aula, de todas as familias, cos correspondentes titores-as serán seguindo este calendario:**

16 de setembro	16 h.	4 anos (5ºEI)
16 de setembro	16 h.	4º EP
23 de setembro	16 h.	5 anos (6ºEI) e 3ºEP
23 de setembro	17 h.	1ºEP e 2ºEP
30 de setembro	16 h.	5ºEP
30 de setembro	17h.	6ºEP

- ✓ Como é habitual, os luns, en horario de 16 a 17 h. será posible realizar entrevistas cos titores e o resto do profesorado previa petición de cita.
- ✓ Dende o día 11 de setembro funcionará o COMEDOR do Centro tanto coa opción de comer regular como esporádicamente. Tamén o servizo de

MADRUGADORES coas opcións: con almorzo e sen almorzo. (xestionados pola empresa Jardanay e a ANPA)

- ✓ As actividades extraescolares empezan en setembro co programa de conciliación Cóxegas. A partir de Outubro comezarán o resto de actividades.
- ✓ A Biblioteca do Colexio abrirá os venres de 16 a 17,30h. preferentemente para o alumnado de primaria.
- ✓ Lembrámoslle a toda a Comunidade Escolar as **prohibicións tanto de fumar** dentro do recinto escolar, como a de **entrar con animais**. O recinto escolar inclúe patios e zonas axardinadas.
- ✓ Por seguridade non se permite utilizar bicicletas e/ou patinetes no recinto.

Agardamos tamén a vosa colaboración para cumprir as *Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOF)* das que salientamos as seguintes:

- ✓ O Colexio **abrirá** diariamente as súas portas ás **8,50h**.
- ✓ O alumnado debe **entrar e saír sempre polas portas asignadas**.
- ✓ Non se permite a presenza de familiares do alumnado polos corredores en horario lectivo, agás para acceder á zona administrativa.
- ✓ Non solicitar á atención do profesorado no momento das entradas e saídas. Por favor notifícase as incidencias a través dunha tarxeta, ou por escrito na axenda.
- ✓ Ao alumnado non se lle permite o uso de teléfonos móbiles, reprodutores de música, cámaras, ou calquera outro aparello electrónico no recinto escolar.
- ✓ **As saídas ou entradas do alumnado fora do horario establecido, faranse preferentemente no horario de recreo**, xustificándoas, ante a titora ou titor. Igualmente as faltas de asistencia e puntualidade de un ou varios días, deberán xustificarse.
- ✓ As **reiteradas** faltas de asistencia e/ou **puntualidade** ás actividades lectivas serán corrixidas seguindo as indicacións do recollido do documento de NOF.
- ✓ Segundo a Lei de Convivencia do 30 de xuño de 2012, lembrámoslles ás familias  
*“o deber de respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias”*

Podedes atopar máis información sobre o Colexio, documentos, circulares, enlaces, fotos, etc, visitando a nosa web

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfernandezlatorre/>

Para calquera **dúbida, solicitude ou suxerencia de calquera tipo** estamos a vosa disposición no telf/fax 981133029, ou no enderezo electrónico

[ceip.fernandez.latorre@edu.xunta.es](mailto:ceip.fernandez.latorre@edu.xunta.es)

Grazas pola vosa colaboración e feliz curso a todas e todos.

A Coruña, 10 de setembro de 2019